PARLAMENTO DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 535 | VII lexislatura | 16 de abril de 2008

SUMARIO

(Versión electrónica en www.parlamentodegalicia.es)

1. Procedementos de natureza normativa

1.2. Proxectos e proposicións de lei

1.2.1. Proxectos de lei

Admisión a trámite e apertura do prazo de presentación de emendas

- 07/PL-0040(28278)
Presidencia da Xunta de Galicia
De protección da paisaxe de Galicia 77875 e 77880

Asignación á Comisión

- 07/PL-0040 (28278)
Presidencia da Xunta de Galicia
De protección da paisaxe de Galicia

3.5. Mocións

3.5.4. Mocións rexeitadas

- 07/MOC-0093(27985)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel
Sobre as supostas irregularidades que se están a producir en relación co persoal dos helicópteros Pesca I e Pesca II adscritos ao Servizo de Gardacostas de Galicia. (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 27602, publicada no BOPG núm. 513, do 6.03.2008, e debatida no Pleno do 25 de marzo de 2008) 77875

- 07/MOC-0094(28007)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
López Abella, Susana e 2 deputados máis
Sobre os acontecementos que están a afectar a tres familias xitanas do Vao realoxadas no barrio pontevedrés de Monteporreiro (Moción, a consecuencia da Interpelación núm.27340, publicada no BOPG núm. 509, do 28.02.2008, e debatida no Pleno do 25 de marzo de 2008) 77875

3.6. Proposicións non de lei

3.6.1. Poposicións non de lei en Pleno

3.6.1.3. Proposicións aprobadas

- 07/PNP-0412 (25435)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lobeira Domínguez, Bieito e Riobó Dios, María Modesta
Sobre a adopción de medidas para permitir a recepción en Galicia das emisións das radios e televisións portuguesas 77876

3.6.1.4. Proposicións rexeitadas

- 07/PNP-0432 (26397)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Santalices Vieira, Miguel Ángel e 6 deputados máis
Sobre a implantación do sistema que permite a realización no domicilio dos controis hematolóxicos periódicos aos enfermos sometidos a tratamento con Sintrón sen provocar hematomas, lesións vasculares, etc. 77876

- 07/PNP-0448(27309)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Ruíz Rivas, Manuel Santos
Sobre a derrogación do Decreto das normas do hábitat galego e a elaboración doutro previo debate e consenso cos sectores implicados 77876

7. Composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

7.3. Organización e funcionamento do Parlamento

7.3.4. Acordos, resolucións e comunicacións dos órganos da Cámara

7.3.4.2 Normas de funcionamento de comisións non permanentes

Normas de funcionamento da Comisión de investigación do suposto pagamento de viaxes a axentes electorais do PSOE con fondos da Secretaría Xeral de Emigración e a contratación laboral deses axentes con fondos da Consellería de Traballo 77877

1. Procedementos de natureza normativa

1.2. Proxectos e proposicións de lei

1.2.1. Proxectos de lei

Admisión a trámite e apertura do prazo de presentación de emendas

A Mesa do Parlamento, na reunión do 15 de abril de 2008, adoptou os seguintes acordos:

Admisión a trámite:

- 07/PL-0040(28278)
Presidencia da Xunta de Galicia
De protección da paisaxe de Galicia

Examinado o devandito Proxecto, e logo de verificar que reúne a documentación e os antecedentes previstos no artigo 111 do Regulamento, a Mesa, por unanimidade, acorda:

1.º) Admitir a trámite o devandito proxecto de lei polo procedemento lexislativo ordinario.

2.º) Oír a Xunta de Portavoces para a súa asignación á Comisión e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

3.º) Abrir o prazo regulamentario de 15 días hábiles para a presentación de emendas, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.* O prazo remata o día 5 de maio de 2008.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2008
Dolores Villarino Santiago
Presidenta

Asignación á Comisión

A Mesa do Parlamento, na reunión do 15 de abril de 2008, adoptou os seguintes acordos:

Asignación comisión procedemento ordinario:

- 07/PL-0040 (28278)
Presidencia da Xunta de Galicia
De protección da paisaxe de Galicia

Logo de oída a Xunta de Portavoces, asígnase á Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2008
Dolores Villarino Santiago
Presidenta

3.5. Mocións

3.5.4. Mocións rexeitadas

O Pleno da Cámara, na reunión do 8 de abril de 2008, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento da iniciativa:

- 07/MOC-0093(27985)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel
Sobre as supostas irregularidades que se están a producir en relación co persoal dos helicópteros Pesca I e Pesca II adscritos ao Servizo de Gardacostas de Galicia. (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 27602, publicada no BOPG núm. 513, do 6.03.2008, e debatida no Pleno do 25 de marzo de 2008)
BOPG núm. 528, do 03.04.2008

Sométese a votación e resulta rexeitada por 37 votos a favor, 38 votos en contra e 0 abstencións.

- 07/MOC-0094(28007)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
López Abella, Susana e 2 deputados máis
Sobre os acontecementos que están a afectar a tres familias xitanas do Vao realoxadas no barrio pontevedrés de Monteporreiro (Moción, a consecuencia da Interpelación núm.27340, publicada no BOPG núm. 509, do 28.02.2008, e debatida no Pleno do 25 de marzo de 2008)
BOPG núm. 528, do 03.04.2008

Sométese a votación e resulta rexeitada por 37 votos a favor, 38 votos en contra e 0 abstencións.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 14 de abril de 2008
María Tereixa Paz Franco
Vicepresidenta 1.ª

3.6. Proposicións non de lei
3.6.1. Poposicións non de lei en Pleno
3.6.1.3. Proposicións aprobadas

A Pleno da Cámara, na súa sesión do día 8 de abril de 2008, adoptou o seguinte acordo:

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 07/PNP-0412 (25435)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lobeira Domínguez, Bieito e Riobó Dios, María Modesta
Sobre a adopción de medidas para permitir a recepción en Galicia das emisións das radios e televisións portuguesas
BOPG núm. 463, do 03.12.2007

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade das/os 75 deputadas/os presentes, co seguinte texto:

"O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que adopte as medidas precisas perante o Goberno español coa finalidade de:

1.- Posibilitar a recepción en Galicia das emisións das radios e televisións portuguesas, en cumprimento da Carta europea de linguas rexionais e minoritarias, utilizando as posibilidades técnicas precisas para este fin no prazo temporal máis inmediato posible.

2.- Trasladarlle ao Goberno portugués o interese manifestado polo Parlamento galego de que facilite a recepción en Portugal do sinal das radios e televisión galegas."

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 14 de abril de 2008
María Tereixa Paz Franco
Vicepresidenta 1.ª

3.6.1.4. Proposicións rexeitadas

A Pleno da Cámara, na reunión do 8 de abril de 2008, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento da iniciativa:

- 07/PNP-0432 (26397)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Santalices Vieira, Miguel Ángel e 6 deputados máis
Sobre a implantación do sistema que permite a realización no domicilio dos controis hematolóxicos periódicos aos enfermos sometidos a tratamento con Sintrón sen provocar hematomas, lesións vasculares, etc.
BOPG núm. 491, do 31.01.2008

Sométese a votación e resulta rexeitada por 37 votos a favor, 38 en contra e 0 abstencións.

- 07/PNP-0448(27309)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Ruíz Rivas, Manuel Santos
Sobre a derrogación do Decreto das normas do hábitat galego e a elaboración doutro previo debate e consenso cos sectores implicados
BOPG núm. 504, do 20.02.2008

Sométese a votación e resulta rexeitada por 37 votos a favor, 38 en contra e 0 abstencións.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 14 de abril de 2008
María Tereixa Paz Franco
Vicepresidenta 1.ª

7. Composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

7.3. Organización e funcionamento do Parlamento

7.3.4. Acordos, resolucións e comunicacións dos órganos da Cámara

7.3.4.2 Normas de funcionamento de comisións non permanentes

Normas de funcionamento da Comisión de investigación do suposto pagamento de viaxes a axentes electorais do PSOE con fondos da Secretaría Xeral de Emigración e a contratación laboral deses axentes con fondos da Consellería de Traballo

A Comisión de investigación do suposto pagamento de viaxes a axentes electorais do PSOE con fondos da Secretaría Xeral de Emigración e a contratación laboral deses axentes con fondos da Consellería de Traballo, na reunión do 14 de abril de 2008, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación das normas:

- 07/CENF-0004
Normas de funcionamento da Comisión de investigación do suposto pagamento de viaxes a axentes electorais do PSOE con fondos da Secretaría Xeral de Emigración e a contratación laboral deses axentes con fondos da Consellería de Traballo

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2008
Jaime Alberto Pita Varela
Vicepresidente 2.º

Normas de funcionamento da Comisión de investigación do suposto pagamento de viaxes a axentes electorais do PSOE con fondos da Secretaría Xeral de Emigración e a contratación laboral deses axentes con fondos da Consellería de Traballo

I. Obxecto e duración

Artigo 1

A Comisión créase co obxecto de coñecer a totalidade das actuacións públicas referentes ao suposto pagamento de viaxes a axentes electorais do PSOE con fondos da Secretaría Xeral de Emigración e a contratación laboral deses axentes con fondos da Consellería de Traballo.

Artigo 2

A Comisión extinguirase ao remate do labor encomendado, no máis breve prazo posible.

II. Organización

Artigo 3

A Mesa é o órgano de dirección e impulso das actividades da Comisión e exercerá as seguintes funcións:

a) Recompilar toda a información e documentación imprescindible para realizar a tarefa encomendada.

b)Organizar as actividades que se consideren necesarias para dotar a Comisión de todo tipo de informacións de interese para a elaboración das conclusións.

c) Preparar os documentos que deban ser sometidos á deliberación da Comisión.

d) Executar os acordos adoptados pola Comisión.

e) Proporlle á Comisión un plan de traballo e un calendario de actividades, logo de escoitar as propostas dos distintos grupos parlamentarios.

f) Aquelas que en calquera momento lle asigne a Comisión.

Artigo 4

A Comisión poderá designar unha ponencia cando as circunstancias do traballo así o aconsellen.

As comparecencias terán lugar en comisión, agás que, por acordo da propia Comisión, se acorde levalas a cabo en ponencia.

III. Funcionamento

Artigo 5

A Comisión será convocada pola súa presidencia, de acordo coa súa Mesa.

Artigo 6

A Comisión entenderase validamente constituída en sesión plenaria cando asistan a metade máis un dos seus membros. Os acordos tomaranse por maioría simple, utilizando para o seu reconto o voto ponderado.

Artigo 7

Debido á índole e aos fins da Comisión, esta poderase reunir en sesión extraordinaria en períodos non comprendidos nos ordinarios de sesións. Neste caso, o presidente da Comisión daralle conta á presidenta da Cámara.

Artigo 8

1. Os traballos e as deliberacións da Comisión axustaranse ao previsto no artigo 70 do Regulamento do Parlamento de Galicia.

2. A actuación dos deputados e das deputadas deberase axustar ao previsto nos artigos 13 e 101 do Regulamento do Parlamento de Galicia.

IV. Medios de acción

Artigo 9

1. A Comisión, a través da presidenta do Parlamento, poderá exercer as facultades previstas no artigo 44 do Regulamento da Cámara.

2. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, calquera deputado ou deputada poderá facer uso da facultade de información recoñecida no artigo 9 do Regulamento da Cámara.

Artigo 10

1. Sempre que se solicite a presenza dalgunha autoridade ou particular para comparecer na Comisión ou, se é o caso, na Ponencia, os extremos sobre os que deba informar deberanlle ser comunicados cunha antelación mínima de cinco días hábiles, e deberá ser advertido dos seus dereitos así como da posibilidade de acudir asistido de letrado ou letrada.

2. As persoas requiridas en forma legal e baixo apercibimento que deixen de comparecer incorrerán nas responsabilidades previstas no artigo 502 do Código penal.

Artigo 11

Sempre que o axeitado funcionamento da Comisión o precise, o Parlamento, a través da Mesa, poderá contratar, con carácter temporal, o auxilio de persoas expertas, nos termos que se especifican na disposición derradeira cuarta do Regulamento da Cámara.

V. Plan de traballo

Artigo 12

A Comisión aprobará un plan de traballo sobre a proposta elaborada pola Mesa desta Comisión, oído o parecer e as achegas dos portavoces dos grupos parlamentarios, e nel figurará o calendario xeral de actividades para a Comisión.

O plan de traballo incluirá os mecanismos para a incorporación de novas comparecencias ou solicitudes de información en función do desenvolvemento da propia Comisión.

VI. Comparecencias

Artigo 13

Serán admitidas todas as preguntas que formulen os grupos parlamentarios en cada comparecencia, sempre que versen sobre o obxecto da Comisión. Será o presidente da Comisión quen faga a valoración da pertinencia ou non das preguntas.

VII. Ditame

Artigo 14

1. Se a Comisión designa unha ponencia, esta elaborará un proxecto de ditame no que se reflectirán as conclusións da investigación. O proxecto seralle elevado á Comisión para o seu debate e aprobación.

2. No caso de que non se designe unha ponencia, será a propia Comisión a que elabore o proxecto.

3. Poderase redactar, así mesmo, unha memoria, na que figuren a metodoloxía seguida, o material utilizado e cantos datos se xulguen de interese. Non obstante, a memoria non será obrigatoria.

Artigo 15

O proxecto de ditame deberá conter a título indicativo:

a) Un relatorio definitivo.

b) A análise e a valoración das responsabilidades, se é que as hai.

Artigo 16

Tras ultimarse o proxecto de ditame, o presidente da Comisión remitirállelo aos membros desta, no prazo previsto no

calendario de actividades, e daralle conta á presidenta da Cámara destas circunstancias.

Artigo 17

Os membros da Comisión poderanlle presentar emendas ao proxecto de ditame no prazo de cinco días hábiles desde a súa remisión.

Artigo 18

O proxecto de ditame, coas emendas presentadas, será obxecto de debate no seo da Comisión, para a súa aprobación definitiva.

Artigo 19

Os grupos parlamentarios e os deputados e as deputadas poderanlle formular votos particulares ao ditame aprobado para amosar a súa discrepancia con el ou en relación con aquelas emendas que fosen rexeitadas. Os votos particulares deberanse presentar dentro dos dous días hábiles seguintes á finalización do ditame.

Artigo 20

O ditame, cos votos particulares de os haber, seralle remitido á Mesa do Parlamento, no prazo dos cinco días hábiles seguintes á súa tramitación. A Mesa do Parlamento disporá a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Artigo 21

O ditame será sometido a debate e votación no Pleno e, para tal fin, a presidenta do Parlamento —oída a Mesa e a Xunta de Portavoces— ordenará o debate, concederá a palabra e fixará os tempos das intervencións.

Artigo 22

1. O ditame aprobado polo Pleno será publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e comunicado á Xunta de Galicia, sen prexuízo de que a Mesa do Parlamento acorde o seu traslado ao Ministerio Fiscal.

2. Publicaranse no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* os votos particulares rexeitados.

Disposición derradeira única

En todo o non previsto por estas normas aplicarase supletoriamente o Regulamento do Parlamento de Galicia.

José Tomé Roca
Presidente da Comisión

José Manuel Castelao Bragaña
Secretario da Comisión

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias

Pazo de Raxoi
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 49 19

ADMINISTRACIONS PUBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIONS PARLAMENTARIAS
10.04.08 007160
SAÍDA

RS/mv

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
10 ABR. 2008
Núm.: 28278

Para a súa tramitación polo Parlamento de Galicia achégolle o "**Proxecto de lei de protección da paisaxe de Galicia**", aprobado polo Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día 27 de marzo de 2008.

Asemade achégase a certificación expedida polo secretario do Consello co Visto e Prace do Presidente da Xunta de Galicia, así como os documentos aos que se refire o artigo 111 do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2008

O director xeral de Relacións Parlamentarias

Manuel Guillermo Varela Flores

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA

JOSÉ LUÍS MÉNDEZ ROMEU, CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E SECRETARIO DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA,

C E R T I F I C O :

Que o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e sete de marzo de dous mil oito adoptou, entre outros, o seguinte Acordo:

"Aprobar o *Proxecto de lei de protección da paisaxe de Galicia* e a súa remisión ao Parlamento de Galicia".

E para que conste asino esta certificación, co visto e prace do Sr. Presidente, en Santiago de Compostela o vinte e sete de marzo de dous mil oito.

Vº e Prace
O PRESIDENTE

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

XUNTA DE GALICIA

PROXECTO DE LEI DE PROTECCIÓN DA PAISAXE DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERIA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

77882

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

Unha das principais características de Galicia é a súa riqueza paisaxística.

A súa situación xeográfica no planeta, a proximidade do océano e a existencia das altas serras orientais, unha contrastada morfoloxía, os milleiros de ríos que sucan este territorio, a presenza de rochas graníticas e pizarrentas, así como un variado mosaico climático e unha elevada diversidade biolóxica, configuran unha diversidade paisaxística única e irrepetible.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERIA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIONS PÚBLICAS E XUSTIZA

Todos estes elementos son causa e razón dos grandes areais, esteiros, rías, cantís e sistemas dunares nas costas litorais; de amplos vales ou valiñas e valgadas a través da extensa rede fluvial; de penechairas altas ou de baixas planuras terciarias e cuaternarias; de cumios, lombeiros, serras, montes e esfragadoiros, que nunha secuencia aparentemente interminable van configurando cunha personalidade propia e inesquecible unhas paisaxes dunha indubidable beleza e valor.

A especial morfoloxía, fixo que homes e mulleres galegas tiveran que vivir estreitamente relacionados á terra dun xeito íntimo e sen parangón na xeografía peninsular. Asentados en milleiros de lugares que constitúen practicamente a metade dos existentes no estado español, esta actividade secular actuou de xeito diferenciado sobre o territorio, construíndo paisaxes singulares con diferente grao de desenvolvemento, xerando de vez paisaxes culturais de extraordinario valor e que son o reflexo fiel do noso ser e entender Galicia, da nosa identidade.

A situación actual, derivada dunha mudanza súpeta nos usos e nos costumes das xentes como consecuencia do tardío desenvolvemento socioeconómico no

século XX, tivo como consecuencia unha forte degradación das paisaxes en áreas moi concretas do noso territorio. A dinámica demográfica, os cambios nos usos do solo, o abandono de moitas áreas rurais, e a presenza de novas actividades económicas motivou a progresiva e diferencial transformación territorial, xerando profundos cambios nas paisaxes con perda de importantes valores naturais e culturais. Deste xeito estamos a ver cómo xorden novas paisaxes que, en moitos casos, non conteñen ningunha das propiedades diferenciais das antigas extintas, e que eran na súa maioría o produto dunha sociedade que actuaba baixo criterios de sostibilidade.

A Comunidade autónoma de Galicia é hoxe consciente da importancia das nosas paisaxes e do deber que temos en preservalas, porque se trata dun recurso patrimonial incuestionable que participa do interese xeral nos aspectos ecolóxicos, culturais, económicos e sociais. A paisaxe proporciona o marco idóneo na súa concepción holística para abordar a comprensión e a análise do territorio, das políticas de desenvolvemento sostible necesarias para a súa posta en valor, e dos procesos ecolóxicos que nel teñen lugar. Porque a paisaxe é un elemento fundamental da calidade de vida das persoas e por iso tamén debe ser o reflexo fiel dun territorio e dun medio ambiente de calidade, dunha sociedade moderna e consciente da importancia do seu patrimonio natural e cultural, dunha sociedade en relación harmónica co medio onde primen o uso racional do territorio, o aproveitamento sostible dos seus recursos, un desenvolvemento urbanístico respectuoso, e o recoñecemento das funcións principais que xogan os ecosistemas naturais.

Unha das disciplinas novas máis interesantes é a ecoloxía da paisaxe, constituíndo hoxe unha poderosa ferramenta para a ordenación do territorio con criterios de sostibilidade ecolóxica. Resulta ademais de especial interese para deseñar áreas protexidas, para comprender a evolución e a perturbación que sofren os ecosistemas naturais e a diversidade biolóxica, e especialmente para comprender e analizar as causas da artificialización e degradación das paisaxes.

77884

Por todo o exposto a presente Lei, conforme ás disposicións do Convenio Europeo da Paisaxe, aprobado en Florencia o 20 de outubro do 2000 a proposta do Consello de Europa, e cuxa entrada en vigor tivo lugar o 1 de marzo do 2004, pretende recoñecer xuridicamente a paisaxe e promover políticas de paisaxe, entendendo a paisaxe como "elemento esencial para o benestar individual e social, cuxa protección, xestión e planeamento comporta dereitos e obrigación para todos", tal e como así a define o devandito Convenio.

Esta Lei, que foi sometida ó ditame do Consello Económico e Social, pretende servir de marco de referencia para todas as outras lexislacións sectoriais e os seus plans e programas que poidan influír dalgún xeito na modificación, alteración ou transformación das paisaxes, en especial cando afecten a determinados espazos de alto valor natural e cultural, sen prexuízo do que dispoñan as normas en cada materia, xa sexa ambiental, do patrimonio cultural, urbanística, agrícola, forestal, gandeira, turística, industrial ou o resto da lexislación sectorial aplicable ao territorio.

Aos efectos previstos nesta Lei a Xunta de Galicia promoverá a debida coordinación e cooperación entre aqueles consellerías con competencia en materia territorial, ambiental e cultural e os concellos como responsables da aplicación das políticas de planeamento nos seus territorios.

A Comunidade Autónoma de Galicia procede a regular a materia da paisaxe conforme ó ámbito competencial establecido nos artigos 27.3 e 27.30 do Estatuto de Autonomía de Galicia, referentes ás competencias exclusivas da comunidade galega nas materia de Ordenación do territorio, urbanismo e vivenda e Normas adicionais sobre protección do medio ambiente e da paisaxe, nos termos do artigo 149.1.23 da Constitución Española.

II

Esta Lei estruturase en catro capítulos e contén 14 artigos, dúas disposicións transitorias e dúas disposicións finais.

O capítulo I contén as disposicións xerais, referindo o seu obxecto, os principios inspiradores da Lei, as definicións e o seu ámbito de aplicación. Neste sentido concrétase o obxecto da Lei no recoñecemento, a protección, a xestión e a ordenación da paisaxe, premisas a partires das que se formaliza esta disposición de rango legal. Os principios desta lei baséanse no Convenio Europeo da Paisaxe, aprobado en Florencia o 20 de outubro de 2000, principios entre os que destacan o recoñecemento xurídico das paisaxes como elemento fundamental do entorno e do benestar humano, favorecer unha relación harmónica entre o home e o seu entorno, definir neste sentido políticas dirixidas á protección, xestión e ordenación das paisaxes e a súa integración nas de protección de espazos naturais e ordenación do territorio e as demais políticas sectoriais como as culturais, medioambientais, turísticas, agrarias e económicas e, coordinar as distintas administracións publicas en materia de paisaxe. A efectos dunha maior claridade expositiva procédese á definición de termos empregados nesta norma tales coma a paisaxe, as políticas de paisaxe e os obxectivos de calidade paisaxística. O ámbito de aplicación desta lei circunscríbese ao ámbito territorial de Galicia con independencia de que as áreas nas que se aplica sexan naturais, rurais, urbanas ou periurbanas.

O capítulo II refírese ás Políticas de Paisaxe prevendo a necesidade dunha implicación dos poderes públicos nos seus correspondentes ámbitos de actuación para facer posible o obxecto desta lei, integrando a paisaxe nas diferentes políticas sectoriais: ambientais, culturais, territoriais e económicas. As actuacións da Administración que afecten á paisaxe deben atender aos fins da preservación daqueles elementos máis característicos dunha paisaxe, garantir o seu mantemento, regular, mellorar, restaurar ou rexenerar paisaxes. Así mesmo recóllese a necesaria cooperación entre todas as Administracións

públicas como factor clave para conseguir a efectividade das medidas adoptadas respecto da paisaxe.

O capítulo III establece os instrumentos para a protección, xestión e ordenación da paisaxe. Entre estes instrumentos están os Catálogos de Paisaxe de Galicia, as Directrices de Paisaxe, os Estudos de Impacto e Integración Paisaxística e os Plans de Acción da Paisaxe en Áreas Protexidas. Os Catálogos de Paisaxe refírense ás grandes áreas xeográficas establecidas, sinalándose o seu contido mínimo, a delimitación das unidades de paisaxe, e a posibilidade de que nos mesmos se identifiquen determinadas zonas como áreas de especial interese paisaxístico. As Directrices da Paisaxe fixan propostas de obxectivos de calidade paisaxística para as unidades de paisaxe definidas, prevéndose así mesmo o seu contido mínimo e a súa aprobación pólo Consello da Xunta de Galicia. Prevese así mesmo a incorporación destas Directrices cos instrumentos de ordenación territorial e urbanística, coa conseguinte vinculación xurídica na planificación sectorial. É de salientar neste capítulo non só a integración dos criterios dirixidos á protección da paisaxe nas Avaliacións Ambientais Estratéxicas daqueles plans e programas que deban someterse a este procedemento conforme prevé á Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas en materia de medio ambiente, senón tamén aos Estudos de impacto e integración paisaxística que deben constar en todos aqueles proxectos suxeitos á avaliación de impacto ambiental, nos que se avaliará os efectos do proxecto sobre a paisaxe, determinando os seus contidos mínimos.

Finalmente o capítulo IV refírese aos instrumentos de organización, sensibilización, concertación e financiación das políticas da paisaxe, configurándose o Observatorio Galego da Paisaxe como entidade de apoio e asesoramento á Xunta de Galicia en materia de paisaxe. Neste mesmo capítulo IV considéranse os Pactos pola Paisaxe, como instrumentos de concertación entre as administracións públicas, as entidades locais, e outros axentes

socioeconómicos dun determinado territorio a fin de promover accións de protección e mellora das paisaxes e da calidade de vida dos cidadáns.

As disposicións transitorias refírense á normativa de aplicación ós procedementos administrativos xa iniciados con anterioridade á aprobación desta lei e á elaboración dos catálogos da Paisaxe pola consellería competente en materia de medio ambiente, en tanto non se constitúa o Observatorio Galega da Paisaxe. As disposicións finais incorporan prazos para o desenvolvemento regulamentario desta Lei e a súa entrada en vigor.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERIA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

CAPÍTULO I
Disposicións xerais

Artigo 1.- Obxecto.

Esta lei ten por obxecto o recoñecemento xurídico, a protección, a xestión e a ordenación da paisaxe de Galicia, co fin de preservar todos os elementos que a configuran no marco do desenvolvemento sostible, entendendo que a paisaxe ten unha dimensión global de interese xeral para a comunidade galega, por canto transcende ós eidos ambientais, culturais, sociais e económicos.

XUNTA DE GALICIA VELLEZA Y POSTIGO CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

Artigo 2.- Principios inspiradores.

1. Os principios que inspiran esta Lei e que deben rexer as actuacións dos poderes públicos en materia de paisaxe baséanse nos contidos do Convenio Europeo da Paisaxe, asinado en Florencia a proposta do Consello de Europa o 20 de outubro de 2000 e demais convenios internacionais vixentes na materia.

2. Sinaladamente estes principios inspiradores son:

a) Recoñecer xuridicamente a paisaxe, como elemento importante do noso entorno e do benestar humano, indicador da calidade de vida das persoas e compoñente fundamental do patrimonio natural e cultural de Galicia, expresión da nosa identidade.

b) Defender e preservar a paisaxe, favorecendo unha relación harmónica e respectuosa entre a xente e o seu entorno, promovendo un uso racional e ordenado do territorio, que teña en conta os valores naturais e culturais das paisaxes.

c) Deseñar e aplicar políticas destinadas á protección, xestión e ordenación da paisaxe, integrando estas políticas nas de protección ambiental, de ordenación territorial e urbanística, en materia cultural, turística, agraria, social ou económica, e naqueloutras que poidan ter un impacto directo ou indirecto sobre as paisaxes.

d) Fomentar a coordinación e a colaboración entre as distintas administracións públicas en materia de paisaxe.

e) Establecer mecanismos de participación pública e privada na toma de decisións e na definición das políticas de paisaxe, sinaladamente coas entidades locais.

f) Fomentar a sensibilización da sociedade civil no referente ao valor da paisaxe, da súa importancia e funcións, e dos procesos de transformación que están a acontecer.

g) Promover o estudo e a formación en materia de paisaxe, desenvolvendo actividades específicas sobre a importancia, protección, xestión e ordenación da paisaxe.

XUNTA DE GALICIA CONSELLERIA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA

Artigo 3.- Definicións.

Aos efectos desta Lei e conforme á terminoloxía internacional definida polo Convenio Europeo da Paisaxe, enténdese por:

a) Paisaxe: Calquera parte do territorio tal e como a percibe a poboación, cuxo carácter sexa o resultado da acción e da interacción de factores naturais e humanos.

b) Política de paisaxe: É a expresión por parte das autoridades públicas competentes dos principios xerais e as estratexias e directrices que permiten a adopción de medidas específicas orientadas á protección, xestión e planificación das paisaxes.

c) Obxectivos de calidade paisaxística: A formulación por parte das autoridades públicas competentes, para unha paisaxe concreta, das aspiracións da colectividade en relación ás características paisaxísticas do seu entorno.

Artigo 4.- Ámbito de aplicación.

As disposicións da presente Lei aplicaranse a todo o territorio de Galicia, xa sexan áreas naturais, rurais, urbanas e periurbanas, así como aqueloutras áreas de elevado valor ambiental e cultural e incluso as paisaxes degradados, comprendendo así mesmo as zonas terrestres, marítimo-terrestres e as augas interiores.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA

CAPITULO II
Políticas de paisaxe

Artigo 5.- Políticas en materia de paisaxe.

1. Os poderes públicos velarán para que no ámbito da súa competencia e da natureza de cada territorio se adopten as medidas específicas necesarias para a protección, xestión e ordenación da paisaxe.

2. Os poderes públicos integrarán a consideración da paisaxe nas políticas de ordenamento territorial e urbanístico, e nas súas políticas ambientais, do patrimonio cultural, agrícolas, forestais, sociais, turísticas, industriais e económicas, así como en calquera outras políticas sectoriais que poidan producir un impacto directo ou indirecto sobre a paisaxe.

3. A Xunta de Galicia promoverá accións de cooperación transfonteriza aos distintos niveis territoriais, para a elaboración de políticas e programas comúns en materia de paisaxe, así como posibles programas comúns coas Comunidades Autónomas que limiten con Galicia.

XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA

Artigo 6.- Fins da actuación da Administración en materia de paisaxe.

As actuacións da Administración en materia de paisaxe deben atender aos seguintes fins:

1. A protección da paisaxe. Entendida como todas aquelas accións que teñan como fin a preservación e conservación dos elementos máis significativos e característicos dunha paisaxe, xustificados polo seu valor patrimonial como resultante da súa configuración natural ou da intervención humana sobre o medio.

2. A xestión da paisaxe. Entendendo como tal aquelas accións que dende unha perspectiva de uso sostible do territorio garantan o mantemento regular da paisaxe, co fin de guiar as transformacións inducidas polos procesos sociais, económicos e ambientais.

3. A ordenación da paisaxe. Que serán todas aquelas accións que presenten un carácter prospectivo particularmente acentuado con vistas a manter, mellorar, restaurar ou rexenerar paisaxes.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Artigo 7.- Cooperación en materia de paisaxe.

A Xunta de Galicia impulsará a cooperación con todas as administracións públicas con competencia no territorio, especialmente coas administracións locais, a fin de promover o desenvolvemento de políticas comúns, debidamente coordinadas e programadas, que aseguren o cumprimento dos fins que se conteñen nesta Lei.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

CAPITULO III

Instrumentos para a protección, xestión e ordenación da paisaxe

Artigo 8.- Instrumentos.

Establécense os seguintes instrumentos para o seu desenvolvemento e aplicación en canto a asegurar unha axeitada protección, xestión e ordenación das paisaxes de Galicia:

1. Catálogos da Paisaxe de Galicia.

2. Directrices de Paisaxe.

3. Estudos de Impacto e Integración Paisaxística.

4. Plans de Acción da Paisaxe en Áreas Protexidas.

XUNTA DE GALICIA CONSELLERIA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIONS PÚBLICAS E XUSTIZA

Artigo 9.- Catálogos da Paisaxe.

1. Son os documentos de referencia que tomando como referencia as distintas áreas xeográficas, morfolóxicas, urbanas e litorais existentes no territorio galego deberán delimitar, en base aos diferentes estudios e traballos existentes na materia, as grandes áreas paisaxísticas de Galicia, identificando os diferentes tipos de paisaxes existentes en cada unha delas e as súas características diferenciais.

2. Os Catálogos da Paisaxe incluirán:

   a) A identificación dos diferentes tipos de paisaxe que existen en cada área paisaxística.

   b) Un inventario dos valores paisaxísticos presentes en cada área paisaxística, identificando aqueles ámbitos que en cada área presenten un especial estado de deterioro e que precisen especiais medidas de intervención e protección.

   c) Unha análise das forzas e presións que determinaron a existencia deses tipos de paisaxe, daquelas que inciden hoxe sobre os elementos da paisaxe, e a súa evolución futura prevista.

   d) Unha diagnose do estado actual da paisaxe en cada área paisaxística.

   e) A delimitación das unidades de paisaxe presentes en cada área, entendidas como ámbitos territoriais con valores paisaxísticos homoxéneos e coherentes.

3. Os Catálogos da Paisaxe poderán, no seu caso, identificar determinadas zonas xeográficas como "Áreas de especial interese paisaxístico", en atención aos valores naturais e culturais alí presentes.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA

4. Corresponde ao Observatorio Galego da Paisaxe a elaboración dos Catálogos da Paisaxe, na que se terán en consideración outros catálogos existentes referidas á materia paisaxística.

5. No procedemento de elaboración dos Catálogos da Paisaxe abrirase un trámite de información pública non inferior a dous meses para que todos os posibles interesados podan formular as alegacións que estimen pertinentes.

6. Os Catálogos da Paisaxe serán aprobados pólo Consello da Xunta de Galicia, a proposta da consellería competente en materia de medio ambiente, logo da consulta previa ós departamentos competentes en materia de ordenación do territorio e patrimonio cultural.

XUNTA DE GALICIA VILLAGARCÍA DE AROUSA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN

Artigo 10.- Directrices de Paisaxe.

1. As Directrices de Paisaxe son as determinacións que baseadas nos Catálogos da Paisaxe definen e precisan para cada unidade de paisaxe os obxectivos de calidade paisaxística que se pretenden alcanzar.

2. Estes obxectivos de calidade paisaxística deben expresar as aspiracións da cidadanía en canto á valoración e grao de compromiso da colectividade na protección das nosas paisaxes, polo que a determinación destes obxectivos se fará mediante un proceso de participación pública.

3. As Directrices de Paisaxe incluirán:

   a) A definición dos obxectivos de calidade paisaxística para cada unidade de paisaxe.
   b) Unha proposta de medidas e accións específicas para acadar os obxectivos de calidade e de recuperación daquelas áreas nas que existen ámbitos degradados.
   c) Unha descrición dos indicadores de calidade paisaxística para o control e seguimento do estado e evolución das unidades de paisaxe.
   d) Unha serie de normas e recomendacións para a definición dos plans urbanísticos e sectoriais e das estratexias rexionais ou locais encamiñadas a un desenvolvemento sostible do territorio, a fin de integrar neles os obxectivos de calidade paisaxística.

4. As Directrices de Paisaxe terán en conta as determinacións que en materia de paisaxe poidan derivarse doutros instrumentos normativos existentes. As normas recollidas nas Directrices de paisaxe, logo da súa aprobación, terán carácter vinculante para os instrumentos de planificación sectorial e urbanística.

5. A avaliación ambiental daqueles plans e programas que conforme á lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente, deban someterse a este procedemento, integrarán criterios que teñan como obxectivo a protección da paisaxe e facilitar a súa ordenación e xestión. A tal efecto o documento de referencia previsto no artigo 19 da Lei 9/2006, de 28 de abril, non só establecerá as pautas e criterios a seguir na avaliación ambiental do plan e programa senón que tamén integrará preceptivamente as normas que se establezan nas Directrices de Paisaxe.

6. Corresponde á consellería competente en materia de medio ambiente e desenvolvemento sostible a elaboración das Directrices de Paisaxe, en cuxo procedemento observaranse os seguintes trámites:
   a.- Información pública polo prazo dun mes.
   b.- Informe preceptivo dos concellos afectados.
   c.- Informe preceptivo das consellerías competentes en materia en materia de ordenación do territorio e patrimonio cultural.

7. A competencia para a aprobación das Directrices de paisaxe corresponderá ó Consello da Xunta de Galicia.

Artigo 11.- Estudios de impacto e integración paisaxística.

1. En todos os proxectos que deban someterse ao procedemento de Declaración de Impacto Ambiental segundo se establece na lexislación sectorial vixente, os promotores públicos ou privados, deberán incorporar no Estudio de Impacto Ambiental, un Estudio de Impacto e Integración Paisaxística, documento especifico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas polo promotor.

2. Os Estudios de Impacto e Integración Paisaxística deberán conter:

   a) Unha diagnose do estado actual da paisaxe: principais compoñentes, valores paisaxísticos, visibilidade e fraxilidade da paisaxe.
   b) As características principais do proxecto.
   c) O impacto previsto do proxecto sobre os elementos que configuran a paisaxe.
   d) A xustificación de cómo se incorporaron ao proxecto os obxectivos de calidade paisaxística e as determinacións das Directrices de Paisaxe establecidas para a unidade de paisaxe na que se pretende executar a actuación. O contido deste apartado será preceptivo unha vez sexan aprobadas as Directrices de Paisaxe.
   e) Os criterios e medidas a adoptar para acadar a integración paisaxística do proxecto.

3. Corresponde á consellería competente en materia de medio ambiente emitir o Informe de Impacto e Integración Paisaxística dentro dos procedementos de declaración e avaliación do impacto ambiental, informe que resultará integrado na correspondente declaración de impacto ambiental.

XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA

4. O Consello da Xunta de Galicia determinará vía regulamentara, nas zonas xeográficas identificadas como "Areas de especial interese paisaxístico", os supostos nos que se poderá exixir ós promotores de proxectos públicos ou privados, non sometidos aos procedementos de declaración e avaliación de impacto ambiental, incorporar ó proxecto un Estudio de Impacto e Integración Paisaxística, co obxecto de considerar as repercusións que poidan ter sobre a paisaxe a execución das actuacións, obras ou actividades que se pretendan desenvolver, así como expoñer os criterios para a súa integración. A tal efecto, na determinación destes supostos teranse en conta parámetros tales como a existencia de espazos naturais protexidos, a distancia á liña de costa, o volume de edificación, a superficie afectada polo proxecto, as afeccións ós recursos naturais e a presenza de elementos valiosos do patrimonio natural e cultural.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERIA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA

Artigo 12.- Plans de Acción da paisaxe en áreas protexidas.

1. A Xunta de Galicia elaborará Plans de Acción para a protección, xestión e ordenación da paisaxe naqueles territorios declarados como espazos protexidos segundo o disposto na Lei 9/2001, de 21 de agosto, de Conservación da Natureza.

2. O Plan de Acción axustarase ás determinacións contidas nas Directrices de Paisaxe para o territorio onde se abique o espazo protexido conforme aos obxectivos de calidade paisaxística establecidos, e incluirá ademais unha proposta de medidas para o mantemento, mellora, recuperación ou rexeneración das paisaxes presentes naquela área. Os plans de acción integraranse nos instrumentos de planificación e ordenación da área protexida, previstos na lei 9/2001, de 21 de agosto, de conservación da natureza.

3. A Consellería competente en medio ambiente e desenvolvemento sostible promoverá que todas as zonas xeográficas identificadas nos Catálogos da Paisaxe como "Áreas de especial interese paisaxístico", dispoñan dalgunha das figuras de protección das previstas na Lei 9/2001, de 21 de agosto, de Conservación da Natureza.

4. Naquelas áreas xeográficas transfronteirizas ou interautonómicas que conten con algún espazo natural protexido a administración ambiental promoverá a elaboración dun Plan de Acción conxunto en materia de paisaxe.

CAPITULO IV

Instrumentos de organización, sensibilización, concertación e financiación das políticas de paisaxe

Artigo 13.- O Observatorio Galego da Paisaxe.

1. O Observatorio Galego da Paisaxe configúrase como entidade de apoio e asesoramento á Xunta de Galicia en materia de paisaxe e de colaboración e coordinación con outras administracións e sectores da sociedade.

2. O Observatorio Galego da Paisaxe adoptará a forma que mais se adecúe as súas funcións.

3. Son funcións do Observatorio Galego da Paisaxe:

   a) Delimitar as grandes Áreas Paisaxísticas sobre as que se desenvolverán os Catálogos de Paisaxe.
   b) Elaborar os Catálogos da Paisaxe consonte ao establecido na presente Lei.
   c) Formar, sensibilizar e concienciar á sociedade galega na necesidade de protexer e xestionar debidamente as nosas paisaxes.
   d) Avaliar o estado de conservación das paisaxes galegas e analizar as súas transformacións e previsible evolución.
   e) Realizar estudos e propostas en materia de paisaxe.
   f) Promover a colaboración e a cooperación en materia de paisaxe, sinaladamente mediante asistencia científica e técnica mutua, e intercambios de experiencias con fines de formación e información.
   g) Servir como órgano asesor ás entidades locais a fin de implementar as políticas de paisaxe na planificación urbanística e territorial.
   h) Facer o seguimento de iniciativas de ámbito estatal, europeo e internacional en materia de paisaxe.

i) Participar nas redes de observatorios de paisaxe e entidades semellantes, tanto no resto do Estado, como europeos e internacionais, así como o seguimento de iniciativas de investigación e difusión de coñecementos que se adopten a escala estatal, europea e internacional.

l) Fomentar o intercambio de información e experiencias así como a asistencia científica e técnica mutua en materia de paisaxes transfronteirizas.

m) Elaborar cada catro anos un informe sobre o estado da paisaxe en Galicia, que a Xunta de Galicia presentará no Parlamento de Galicia.

4. Mediante a norma de constitución do Observatorio Galego da Paisaxe desenvolveranse as funcións, composición, funcionamento, recursos económicos e outros aspectos organizativos do Observatorio. A súa composición axustarase ao disposto na lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de homes e mulleres, co fin de garantir a presenza equilibrade de homes e mulleres neste órgano.

Artigo 14.- Formación, sensibilización, educación e concertación.

1. A Xunta de Galicia consonte co establecido na presente Lei e na consideración da importancia ambiental, cultural, social e económica que posúen as nosas paisaxes como sinal de calidade de vida, promoverá accións de formación, sensibilización e educación dirixidas á sociedade galega en xeral e aos xestores e usuarios do territorio en particular, que teñan como finalidade a promoción do entendemento, respecto e salvagarda dos elementos que configuran as nosas paisaxes.

2. A Xunta de Galicia fomentará a incorporación da materia da paisaxe nos distintos ciclos educativos, e promoverá a formación de especialistas en materia de intervención da paisaxe.

3. A Xunta de Galicia impulsará a celebración de Pactos pola Paisaxe como instrumentos de concertación entre as administracións públicas, as entidades locais, e outros axentes socioeconómicos dun determinado territorio, que de xeito voluntario desexen promover accións de protección e mellora das paisaxes e da calidade de vida dos cidadáns no marco do desenvolvemento sostible. Estes Pactos incorporarán no seu contido, as actuacións concretas e específicas que teñen que emprender os diferentes axentes intervintes para acadar os obxectivos de calidade paisaxística.

4. Os Pactos pola Paisaxe que se establezan entre a Xunta de Galicia e as administracións locais deberán ter en conta as recomendacións e determinacións dos Catálogos da Paisaxe e das Directrices de Paisaxe para ese ámbito xeográfico, así como a existencia de espazos ou elementos inventariados do patrimonio natural, artístico ou cultural.

5. A Xunta de Galicia apoiará a custodia do territorio, favorecendo a realización de acordos voluntarios entre os propietarios das terras que

resulten catalogadas como Áreas de Especial Interese Paisaxístico e as entidades de custodia, a fin de asegurar a defensa e a conservación dos valores naturais e culturais presentes neses territorios.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERIA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIONS PÚBLICAS E XUSTIZA

DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS.-

Primeira. Normativa de aplicación nos procedementos iniciados.

Aos procedementos administrativos iniciados con anterioridade á entrada en vigor desta lei e cuxa regulación substantiva esixa incorporar a dimensión paisaxística seralles aplicable a normativa vixente no momento da súa iniciación.

XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E ESTRUTURA

Segunda. Elaboración dos Catálogos da Paisaxe.

En tanto non se constitúa o Observatorio Galego da Paisaxe, corresponderá á consellería competente en materia de medio ambiente a elaboración dos Catálogos da Paisaxe.

DISPOSICIONS FINAIS.-

Primeira.- Desenvolvemento Regulamentario.

A Xunta de Galicia, no prazo de seis meses a contar desde a publicación desta Lei, aprobará as disposicións regulamentarias de desenvolvemento dos contidos previstos nos artigos 11, parágrafo 4 e 14 desta lei, referidos ós supostos nos que se poderá exixir ós promotores de proxectos públicos ou privados, non sometidos á declaración e avaliación de impacto ambiental, a presentación dun Estudio de Impacto e Integración Paisaxística e á constitución, natureza xurídica, funcións, composición, funcionamento e outros aspectos organizativos do Observatorio Galego da Paisaxe, respectivamente.

XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA

Segunda.- Entrada en vigor.

Esta Lei entrará en vigor no prazo dun mes a contar desde o día da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Asdo.: José Luís Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia, Admóns. Públicas e Xustiza.

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

ESTRUCTURA

1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA
   1.1 LEIS E OUTRAS NORMAS
   1.2 PROXECTOS E PROPOSICIÓNS DE LEI
   1.3 OUTRAS PROPOSTAS DE NORMAS

2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL
   2.1 INVESTIDURA
   2.2 MOCIÓN DE CENSURA
   2.3 CUESTIÓN DE CONFIANZA

3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO
   3.1 CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
   3.2 COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
   3.3 EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
   3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
   3.5 MOCIÓNS
   3.6 PROPOSICIÓNS NON DE LEI
      3.6.1 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO
      3.6.2 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN COMISIÓN
   3.7 OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
   3.8 PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN
   4.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
   4.2 INTERPELACIÓNS
   4.3 PREGUNTAS
   4.4 RESPOSTAS A PREGUNTAS
   4.5 SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS

5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
   5.1 SOLICITUDE O GOBERNO DO ESTADO DA ADOPCIÓN DE PROXECTOS DE LEI
   5.2 PROCEDEMENTOS RELACIONADOS CO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL
   5.3 VALEDOR DO POBO
   5.4 CONSELLO DE CONTAS
   5.5 OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

6. ELECCIÓNS, DESIGNACIÓNS E PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
   6.1 SENADORES EN REPRESENTACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
   6.2 VALEDOR DO POBO E VICEVALEDORES
   6.3 CONSELLEIROS DE CONTAS
   6.4 TERNA PARA A PROVISIÓN DE VACANTES DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA
   6.5 VOCAIS DA XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
   6.6 MEMBROS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA COMPAÑÍA DE RADIO-TELEVISIÓN DE GALICIA
   6.7 MEMBROS DO CONSELLO ASESOR DE RADIO-TELEVISIÓN ESPAÑOLA EN GALICIA
   6.8 VOCAIS DOS CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES DE GALICIA
   6.9 VOCAIS DO CONSELLO DE BIBLIOTECAS
   6.10 DELEGACIÓN PARA A DEFENSA DE PROPOSICIÓNS DE LEI DO PARLAMENTO DE GALICIA NO CONGRESO
   6.11 OUTRAS ELECCIÓNS, DESIGNACIÓNS OU PROPOSTAS DE NOMEAMENTO

7. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO
   7.1 COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E OS SEUS ÓRGANOS
   7.2 RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
   7.3 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

8. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA
   8.1 ORGANIZACIÓN E NORMAS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS
   8.2 PERSOAL
   8.3 ACTIVIDADES

9. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS
   9.1 INFORMACIÓNS
   9.2 CORRECIÓNS DE ERROS

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25